

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

Un tesouro natural fronte as Rías Baixas

O 1 de xullo de 2002 foi a data oficial da declaración das Illas Atlánticas como reserva ecolóxica

Alberto García Gago

PONTEVEDRA Os arquipélagos de Salvora, Ons e Cíes, localizados na parte externa da bocana das rías de Arousa e Pontevedra e Vigo, respectivamente, están sometidos a unha forte influencia oceánica, mentres que o de Cortegada constitúe un sistema insular estuárico, protexido da influencia do mar aberto. Este último arquipélago é, por outra parte, o máis próximo a terra firme (0,2 km.) está integrado pola illa de Cortegada (41 hectáreas) e os illotes Malveira Grande, Malveira Chica, Bríñas e O Con, que alcanza unha altura máxima de 22 metros sobre o nivel do mar. O arquipélago de Salvora sitúase a uns 4 km da costa e a uns 10 km ao norte de Ons e consta da illa de Salvora (190 ha) e as moito más pequenas de Sagres, Yionta, Ervo-


sa e Noro, ademais dun gran número de pequenos illotes e baixios rochosos; a súa altura máxima é de 71 m na illa maior. As illas de Ons (367,5 ha, con altura máxima de 128 m) e Onza, ademais dos illotes Centolo e Freitosa, tamén distan 4 km de terra firme, localizándose a uns 12 km ao norte de Cíes. Este último arquipélago, a 2,7 km de terra firme, está formado polas illas de Monte Agudo (179,5 ha), Faro (106,6 ha) e San Martiño (145,5 km), así como de varios pequenos illotes (Penela dos Víños, Ruzo, Garabelos e Agoieiro), sendo o que alcanza unha maior altura (197 m sobre o nivel do mar) a illa de Monte Agudo. A área de augas mariñas de Salvora, Ons e Cíes está delimitada pola isóbata de 10 m. Toda a área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlánti-

co-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adsírbese ao sector galego-portugués. O dominio climático é o oceánico húmido con tendencia á aridez estival. Os arquipélagos oceánicos mostran unha notoria escaseza de precipitacións ao comparalos coas zonas continentais próximas, rexistrando medias anuais de 800-900 litros por metro cuadrado, e acusan unha importante seca estival. As temperaturas medios sitúanse arredor dos 14 °C, cunha amplitud térmica de 10 a 19 °C. En contraste, o arquipélago de Cortegada atópase na área de transición entre o dominio climático anterior e o oceánico hiper-húmido e, por outra parte, a súa localización no fondo da ría e a súa proximidade ao continente achegan as súas características meteorolóxicas ás

de terra firme, o que redonda nunha pluviosidade moito más elevada (1.900-2.000 mm). Nesta zona as temperaturas medios son lixeiramente superiores (arredor dos 15 °C) e a amplitud térmica más reducida (12-17 °C), pero tamén se acusa unha clara seca estival.

Orografía En termos xerais, os arquipélagos de carácter oceánico están dominados por extensas frontes acantiladas na súa cara de mar aberto. Estas frontes son especialmente abruptas e quebradas, e chegan a superar os 100 m de altura e a presentar un gran número de covas mariñas (furnas) en Ons, e sobre todo, en Cíes. A

cara oriental das illas é más suave, con abas de menor pendente, alternando pequenos cantís e diferentes tipos de areais. Ainda gardando esta estrutura básica, a morfoloxía de Salvora é moi to menos escarpada, predominando aquí as ladeiras en suave pendente e os afloramentos rochosos illados, malia que tamén hai cantís de considerables dimensións nos illotes veciños de Sagres e Noro. Entre os sistemas dunares asociados ás praias destaca o sistema da praia-barreira de Rodas e as dunas de Figueiras-Muxieiro, ambos os dous en Cíes, así como a illa Vionta, cuxo perímetro está case totalmente constituído por areais. A vexetación de >>>



Nas imaxes, diferentes panorámicas das illas Cíes e Ons. |JAVIER CERVERA-MERCADILLO



Vista da marabillosa paisaxe da ría de Vigo que se pode apreciar dende un dos principais areais das Illas Cíes, un auténtico paraíso visual e natural, de areas brancas e finas, augas cristalinas e gran riqueza natural. |JAVIER CERVERA-MERCADILLO

O medio mariño, un dos principais valores do parque

■ O medio mariño é un dos valores fundamentais do Parque Nacional das Illas Atlánticas. A súa elevada biodiversidade, representativa dunha gran parte dos fondos atlánticos galegos, é consecuencia das especiais condicións oceanográficas (forte influencia oceánica na cara occidental dos arquipélagos exteriores, circulación estuárica nas rías, existencia de afloramentos), físico-químicas e xeomorfolóxi-

cas, factores que redundan nunha gran variedade de hábitats e, en consecuencia, de comunidades algais e faunísticas.

A diferente orientación e configuración das illas oceánicas determina a existencia de diferentes substratos e pendentes nos fondos das caras occidental e oriental das mesmas. A fronte occidental, encarada a mar aberto e sometida a fortes ondas, que asegura augas altamente oxigenadas,

mostra un perfil de elevada verticalidade, moi abrupto e de substrato basicamente rochoso, como corresponde á paisaxe dominante de acantilados de considerable altura na parte emergida das illas. En contraste, a fronte oriental reflicte a existencia de praias e cantís de baixa altura na parte emergida, presentando fondos más superficiais nos que alternan os substratos rochosos e os de natureza móbil, sedimentarios,

como os de area, cascallo (constituidos por restos de cunchas) e os de maéri (fondos coralíxenos formados principalmente por restos de algas vermelhas calcárias e cascallo). A variedade de hábitats e procesos ecolóxicos favorece a existencia dun gran número de especies de algas (poio menos 211 inventariadas, con 33 especies de algas verdes, 122 de algas vermelhas e 56 de algas pardas), moitas delas vulnerables ou raras (máis de 40), así como unha rica fauna de invertebrados (25 especies de poríferos, 18 cnidarios, 8 anélidos, 51 moluscos, 27 crustáceos, 21 equinodermos, 11 ascidiáceos e 3 briozos) e de peixes.

O infralitoral é o dominio de extensos bosques de grandes algas pardas, sobre todo *Saccorhiza polyschides* e *Laminaria ochroleuca*, considerados como a comunidade de maior riqueza específica no litoral español. Así mesmo>>>

PARQUE NACIONAL DAS ILLAS ATLÁNTICAS

A diversidade de avifauna confírelle unha gran significación ecolóxica ó arquipélago

>>> marisma tamén está presente, áinda que restrinxida a pequenas áreas. A cuberta arbórea autóctona é actualmente reducida, e as súas mellores representacións atopánsen en Cortegada e Malveira Grande. No pasado todos os arquipélagos estiveron habitados, pero na actualidade só a illa de Ons mantién unha pequena poboación de maneira permanente, áinda que tanto esta illa como as Cíes reciben durante a primavera e o verán un gran número de visitantes e turistas. Sálvora e Cortegada son propiedades particulares de acceso restrinxido. Mantéñense pequenas áreas cultivadas (en Ons) e plantacións forestais en todas as illas grandes (especialmente en Cíes), así como algúnshas edificacións abandonadas e vivendas.■

Alberto García Gago

PONTEVEDRA | No que respecta á fauna de invertebrados terrestres, inventariouse gran número de especies protexidas por diferentes convenios internacionais. Así, entre as 51 especies de artrópodos protexidos encóntranse 2 arácnidos, 7 odonatos, 2 ortópteros, 1 mantido, 2 neurópteros, 10 coleópteros, 1 díptero, 23 lepidópteros e 2 himenópteros.

A fauna de vertebrados terrestres

1drexullo do 2002


Esta foi a data oficial da declaración deste conxunto de illas como Parque Natural Marítimo Terrestre.

comprende 5 especies de anfibios, 9 de réptiles, 124 de aves e 12 de mamíferos. Todos os arquipélagos son de elevado interese para a herpetofauna española ou galega, e mostran un forte componente mediterráneo.


Avifauna | A importancia aviaria está claramente determinada polas importantes poboacións de aves mariñas que usan todos os arquipélagos, ben como zonas de cría, ben como pousoadouros ou áreas de alimentación durante o inverno ou os pasos migratorios. As illas oceánicas albergan as maiores colonias de cría da gaivota patiamarela (*Larus michahellis*), que supera as 31.000 parellas, o que representa máis do 10% da poboación total

e o núcleo máis importante do mundo. Así mesmo, os efectivos do corvo mariño cristado (*Phalacrocorax aristotelis*) poden rolar as 2.000 parellas, cantidade que supón un 70% da poboación ibérica e sitúa estas illas entre os principais núcleos da especie en Europa. De menor magnitud, pero de grande interese por tratarse de aves de distribución moi localizada en España, son as poboacións de gaivota escura (*Larus fuscus*) (60-70 parellas) e de paíño pequeno (*Hydrobates pelagicus*) (mínimo de 19 parellas). Entre as aves mariñas non nidificantes destaca o furabuchos balear (*Puffinus mauretanicus*), endemismo en perigo crítico de extinción, que utiliza as augas do parque nacional como área regular de parada migratoria en cantidades impor-

tantes (ata máis de 1.000 exemplares en ocasións), así como o arao común (*Uria aalge*) especie que, áinda que extinguida localmente como nidificante en 1988, forma concentracións durante a invernada e a migración. A avifauna non mariña de cantil é moi interesante e confirelle unha gran significación ecolóxica ás illas de carácter oceánico, malia que os efectivos de todas as especies son escasos e varias delas se atopan xa nunha situación crítica, mesmo de extinción. Entre elas destacan o falcón peregrino (*Falco peregrinus*) (3-5 parellas), a pombo das rochas (*Columba livia*), o andorrión real (*Apus melba*) (25-30 parellas), a choia (*Pyrhocorax pyrrhocorax*), a gralla pequena (*Corvus monedula*) e o corvo grande (*Corvus corax*).■



Visitantes disfrutan da illa de Sálvora nun dos seus areas. |ARQUIVO



Espectacular panorámica da ría de Arousa que se observa dende a illa de Sálvora, unha das illas que forman o Parque Nacional das Illas Atlánticas. |ARQUIVO

Un inventario florístico de gran variedade

>>> varias especies vulnerables, endémicas ou infrecuentes ocupan estes medios, como as esponjas (*Spongia officinalis*), as gorgonias (*Eunicella verrucosa* e *Leptogorgia lasiantha*), ou os corais brandos (*Aleyonium spp.*).

Vertebrados | Entre os vertebrados mariños documentouse a presenza de dúas especies de tartarugas, unha de foca e polo menos sete cetáceos.

Aínda que a maior parte destas especies son visitantes ocasionais, a marspa (*Phocoena phocoena*), que se encontra aquí no bordo meridional da súa área de distribución, o golfinho común (*Delphinus delphis*) e o arraiz (*Tursiops truncatus*), que utiliza estas augas como área de reproducción e alimentación, son cétaceos de presenza regular no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.■

■ O inventario florístico do conxunto dos arquipélagos de carácter oceánico inclúe 412 especies. A flora do Parque Nacional, de marcado componente mediterráneo, destaca polo seu gran número de elementos endémicos de diverso grao. Entre os taxóns más ameaizados e de distribución más localizada encóntranse o *Erodium marinum*, pequeño xeranio localizado en Cíes e en perigo crítico de extinción en España; *Cytisus*

insularis, especie de leguminosa arbustiva propia de acantilados mariños e endemismo estrito das illas de Ons e Vionta; *Rumex rupestris*, aceda endémica do occidente de Gran Bretaña, Francia e Galicia, localizada en cantís húmidos de Ons e en situación crítica; e *Linaria arenaria*, pequena planta anual propia de dunas estabilizadas, que ten en Ons e, sobre todo en Sálvora, dúas das súas tres únicas localizacións coñecidas en España.

A secular deforestación por queimas, cortas e pastoreo e as plantacións forestais de especies exóticas provocaron a desaparición case total da xá de por si escasa cuberta arbórea natural das illas de carácter oceánico. Mantéñense, non obstante, algunhas singulares representacións de bosque autóctono no arquipélago de Cortegada, como o bosque de carballo negral ou cerquiño e o famoso bosque de loureiro da mesma illa.